



## **CAMPIONATO-PUNTUABLE CLUBE XÓVENES GANDEIROS DE GALICIA '2024**

*O Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, levará a cabo un CAMPIONATO que clasificará a tódolos participantes en Concursos de Pelado e Manexo a celebrar durante o ano 2024 en Galicia.*

*En xeral, todos os socios interesados, -e que formalicen a súa inscrición en cada un dos Concursos organizado polo Clube,- formarán parte deste PUNTUABLE e aplicaráselles as seguintes:*

### **BASES**

#### **CONDICIÓN XERAIS**

- Cada ano, e unha vez as Comisións Organizadoras de cada evento no lo comuniquen, serán fixadas as datas e Concursos que formarán parte do Puntuable.
- As probas (Concursos) que sumarán puntos no Puntuable para o ano en curso son:
  - o 23 de Febreiro            Concurso de Preparadores Santa Comba '24
  - o 25 de Febreiro            Concurso de Manexadores Santa Comba '24
  - o 5 de Abril                    Concurso de Preparadores Muimenta '24
  - o 7 de Abril                    Concurso de Manexadores Muimenta '24
  - o 28 de Xuño                 Concurso de Manexadores Feiradeza '24
  - o 30 de Xuño                 Concurso de Preparadores Feiradeza '24
- Os horarios de celebración figurarán no Regulamento de cada Concurso.
- De producirse algunha variación no calendario de Concursos será publicada de inmediato na páxina web do Clube e serán informados todos os socios que teñan comunicado ó Clube unha dirección electrónica válida.
- Formar parte deste puntuable, outorgará ós participantes garantía de formación e alto nivel de competitividade.
- Outorgaranse puntuacións individuais e por cada concurso, Pelado e Manexo, no seu caso.
- Como máximo teranse en conta a participación en 3 concursos.
- Para a puntuación final teranse en conta a puntuación acadada unha vez computadas os 3 mellores resultados obtidos nos concursos que forman parte do puntuable.
- Os regulamentos e inscricións dos Concursos estarán a disposición de calquera persoa, na páxina web do Clube de Xóvenes Gandeiros: [www.xovenesgandeiros.com](http://www.xovenesgandeiros.com).

#### **CONDICIONS DE PARTICIPACIÓN**

- Poden participar neste Puntuable, mozos e mozas de idade entre os 8 e 25 anos de idade.
- Para formalizar a inscrición ó TORNEO, terase que remitir en prazo e forma, a inscrición según se teña establecido en cada Concurso.

#### **PUNTUACIÓNS**

- **Puntuación Preparadores:**
  - o A puntuación dos participantes será a cargo dun Comité de Xulgamento formado polas persoas que figurarán no Regulamento de cada Concurso.

**Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia**

- O nome dos membros que compoñan o Comité de Xulgamento, estarán publicados no Regulamento correspondente.

- A avaliación do Comité realizarase en base a seguinte táboa de valoración:

#### **VALOR PARTES A PUNTUAR**

5 max. CABEZA- PESCOZO

10 max. LÍNEA DORSO-LUMBAR

10 max. BARRIGA

7 max. COSTELAR / CORPO

5 max. PATAS

- UBRE

10 max. VALORACIÓN XERAL DO CONXUNTO

APARIENCIA XERAL

REMATE FINAL

- A suma de puntos acadados por cada participante, determinará o Campión e Subcampión, non obstante todas as puntuacións serán engadidas ó ranking xeral.
  - O Campión e Subcampión obterán 2 e 1 punto extra respectivamente que se engadirán o computo final do ranking de cada concurso.
- **Puntuación Manexadores**
- A valoración dos participantes será a cargo dun Xuiz e que figurará no Regulamento de cada Concurso.
  - Cada sección debe ser xulgada por separado.
  - As seccións estarán determinadas no Regulamento do Concurso, en función da idade dos participantes.
  - O Xuiz asignado terá que dar as explicacións en pista do por qué a colocación en cada sección e aconsellará a cada participante de cómo mellorar a técnica.
  - A puntuación dos Concursos de manexo, virá dada pola cantidade de participantes inscritos en cada sección.
  - A suma de puntos acadados por cada participante, determinará o Campión e Subcampión, non obstante as seguintes puntuacións engadiranse ó ranking xeral.
  - Para nomear o Campión e Subcampión en caso de empate de puntos, será o Xuiz do Concurso o que tome a decisión final.
  - O Campión e Subcampión obterán 2 e 1 punto extra respectivamente que se engadirán o computo final do ranking de cada concurso.

#### **PREMIOS - CAMPIONATO**

- No CAMPIONATO-PUNTUABLE e/ou ránking haberá un Campión e Subcampión que se nomeará ó rematar todos os Concursos programados.
- Para designar o Campión e Subcampión farase co conxunto de puntuacións de todos os méritos acadados nos Concursos de Pelado, Concursos de Manexo.
- Outorgarase premio especial ó Campión e Subcampión absoluto en función súa idade; tendo:
  - Campión e Subcampión Junior : ata 15 anos, inclusive
  - Campión e Subcampión Señor: 16 anos ou máis